

MARÍA JOSÉ RUBIO QUERE QUE O CONSELLO ASESOR “SEXA UN ÓRGANO DE ASESORAMENTO REAL QUE TEÑA DIFERENTES PERSPECTIVAS”

Santiago, luns 3 de abril de 2006.- A conselleira de Sanidade, María José Rubio Vidal, subliñou esta mañá na súa primeira xuntanza cos membros do Consello Asesor do Sistema Sanitario de Galicia que lle concede “a máxima importancia a este órgano”; e destacou a variedade dos membros que o integran “que reflicte a pluralidade de campos que inflúen na sanidade galega”.

Rubio Vidal, acompañada por todos os directivos da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, continuou dicindo que se procura con esta diversidade de procedencias “un órgano de asesoramento real que teña diferentes perspectivas”. O Consello Asesor é un órgano non colexiado superior de consulta e asesoramento da Consellería de Sanidade e que está integrado por 15 profesionais do sistema sanitario e persoas de recoñecida competencia, relacionadas coa actividade científica ou técnica, nos eidos da saúde pública, a asistencia sanitaria, a docencia, a formación, a investigación, e tamén do dereito e a economía.

A activación do Consello Asesor completa así os órganos autonómicos de participación da cidadanía, impulsados polo departamento sanitario que dirixe María José Rubio Vidal, cos que Sanidade aposta por que se produza unha implicación real na mellora da sanidade de Galicia, posto que -como dixo Rubio Vidal esta mañá- “queremos que sexa un órgano participativo e comprometido co futuro da sanidade galega”, porque “non se pode facer unha sanidade para a sociedade pero sen a sociedade”. Esta posta en marcha únese á primeira reunión, o pasado luns, do Consello Galego de Saúde.

A titular da Sanidade Pública Galega anuncioulles xa hoxe aos membros do Consello os grandes temas cos que este organismo traballará como é o Plan de Saúde, que está en proceso de elaboración, e do que neste primeiro semestre do ano poderase ter xa un borrador para a debate. Xunto con este, María José Rubio fixo referencia tamén a Lei de Saúde, da que se espera ter un proxecto articulado antes do verán; e a reforma da Lei de Drogas, da que xa se ten adiantado que se prohibirá a venda de alcohol, independentemente da súa gradación, a menores de 18 anos.

O Consello Asesor, indicou a conselleira de Sanidade, terá así a oportunidade de asesorar á Administración en políticas de persoal, en financiamento dos servizos sanitarios; na planificación asistencial xeral; no artellamento de políticas de saúde pública; ou no funcionamento cotiá do Servizo Galego de Saúde. Lembrou tamén a titular da Sanidade pública galega que poderán traballar nas directrices da política sanitaria que aprobou o Consello galego -tras unha fonda análise-, e que derivaron en 130 plans agrupados en nove estratexias, nas que xa se está a traballar.

Primeira reunión da conselleira e do equipo directivo cos 15 membros

Os integrantes deste órgano de asesoría foron nomeados pola conselleira de Sanidade, María José Rubio, que presidiu esta mañá a primeira reunión cos seus quince membros, e na que participou tamén o equipo directivo completo da Consellería de Sanidade e do Sergas.

Integrantes Consello Asesor

Berta Uriel Latorre

Xefa do Servizo de Medicina Preventiva CHOU en Ourense
Presidenta

Fernando Tato Herrero

Profesor titular de Farmacoloxía USC
Vicepresidente

Vogais

Ángel Carracedo Álvarez

Director Instituto Universitario de Medicina Legal de Galicia

Ascensión Cambrón Infante

Profesora titular Dereito Público. UDC

José Conde Vales

Xefe de Sección de Cirurxía Xeral e Dixestivo C.H Xeral-Calde

José Manuel Freire Campo

Xefe Departamento de Saúde Internacional Instituto Carlos III

José García Buitrón

Coordinador de Transplantes C.H.U. Juan Canelejo

Manuel Martín García

Médico de Familia no Centro de Saúde de Seixo–Marín.

M^a Carmen Méndez Pazos

Profesora titular de EU Enfermería de Ferrol

Rocío Mosquera Álvarez

Directora Hospital N.S. de la Esperanza de Santiago

Carmen Navarro Fdz-Balbuena

Xefa de Servizo de Patoloxía e Neuropatoloxía H. Meixoeiro.

M^a Reyes Pérez Fernández

Profesora Asociada de Universidade de Vigo

Berta Rivera Castiñeira

Profesora titular de Economía Aplicada de la UDC

Ricardo Santolaya Machetti

Pediatra puericultor de Atención Primaria en Sanxenxo

Arturo Varela Freijanes

Adxunto de Medicina Interna. Hospital Montecelo do CHOP

Pilar Santamaría Ayaso

Xefa do Servizo de Réxime Interior da Consellería de Sanidade
Secretaría Permanente

A creación do Consello Asesor do Sistema Sanitario Galego responde así ao compromiso que a titular de Sanidade, María José Rubio, realizou no Parlamento de Galicia sobre a necesidade de organismos que exerceran un papel de asesoramento, participación, e control, promovendo así unha xestión transparente no sistema sanitario, e comunicando todo o que se fai ao sistema sanitario galego e aos seus profesionais.